## Primeiro curso

| Materia de Lingua Castelá e Literatura<br>1º curso | |
|---|---|
| **Bloque 1. As linguas e os seus falantes** | |
| Criterios de avaliación | Obxectivos |
| ▪ CA1.1. Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | OBX1 |
| ▪ CA1.2. Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. | OBX1 |
| ▪ CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | OBX10 |
| Contidos | |
| ▪ Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo.<br>▪ As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal.<br>▪ Iniciación á reflexión interlingüística.<br>▪ Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. | |
| **Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita** | |
| Criterios de avaliación | Obxectivos |
| ▪ CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | OBX2 |
| ▪ CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | OBX2 |

